aulas con nome propio

# aula Avilés de Taramancos



1935-1992

2003 Letras Galegas

## a súa vida

Antón Avilés Vinagre naceu en Taramancos, preto de Noia en 1935.

Estudia Náutica na Coruña dos anos cincuenta, onde colaborou cos "vestixios" nacionalistas da República na galego.

Medio emigrante medio exiliado en Sudamérica de 1960 a 1980 onde levou unha vida de incrible novela, facendo de todo: labrego, contrabandista, cazador, traficante de cabezas reducidas,...

Xa de volta en Galicia, gañouse a vida como taberneiro en Noia. Militante do nacionalismo, foi responsable de cultura no Concello de Noia e presidiu a Asociación de escritores en lingua galega.

Poeta de verso férreo e cristalino, épico e elexíaco. Nunha primeira etapa, o poeta creou textos de corte clasicista, e posteriormente centrou a súa poesía nun referente mítico fundamentalmente coa reelaboración en galego do mito clásico de Ulises

## a súa obra

*Aquela chambra fina con bordados*
*de delicada man! ¡Que ar tan xoven*
*cinguía no teu peito! ¡Que nobreza*
*campesiña e galana oferecía!*

*Camiñabas na tarde paseniño,*
*eras columna ergueita e soleada*
*e o meu amor un cabirtiño novo*
*que brincaba e que ria tolamente.*

*Miña noiva de abril, rapaza nova*
*recendo de fiuncho e ruda fresca*
*decátaste da dor que me asolaga?*

*Tiña o tou corazón como unha sella*
*preferida, como un vello xardín*
*onde deixaba a mais pequena rísa*
*a mais fonda Saudade e a mais alta*
*grandeza do querer.*

*E dime agora:*
*¿qué ramo de loureiro nesta fronte*
*para cantar a tua chambra clara?*

---

Onde está a mellor parte da miña vida" (1980). / O tempo no espello (1982). / Cantos caucanos (1985). / As torres no ar (1989). / Antoloxía poética (1992). / Última fuxida a harar (1992). / Obra viva (1992). / Tres capitáns de tempos idos (1983).

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
CEIP Pío XII
colabora